

Contra a hipocrisía

Evanxélica memoria



ARMANDO REQUEIXO

Chegada certa altura da traxectoria literaria dos autores, a propia progresión dos vieiros creativos acaba por impor como imprescindible unha metamorfose. Un escritor, en boa lóxica, pode avanzar en calquera sentido agás no da reiteración rutineira, pois nada máis enfastioso que a autocaricatura, a reverberación ecoica da voz propia. Por iso cómpre valorar no que merece a aposta arriscada daqueles que, podendo reincidir en fórmulas de éxito preensaiadas, deciden aventurarse en espazos estilísticos e/ou temáticos aínda non transitados. É o caso de Xavier Alcalá, un clásico moderno das nosas letras que non precisa demostrar nada, se acaso que a xenialidade non se esgota coas obras precedentes e que a quen ten o don da palabra sóbralle as armas para facer de cada novo título unha proposta, cando menos, interesante.

De primeiras, un pro-

xecto narrativo como o da *Evanxélica Memoria* acometido por Alcalá impresionista. E faino tanto polo inusual do tema coma pola intensión e a extensión que a tarefa alcanza. O re-



lato das comunidades evanxélicas no noso país non fóra ata o de agora obxecto central de atención por parte dos narradores galegos e mesmo dende o terreo do ensaio as grans aproximacións a este mundo son aínda moircentes. Doutra parte, achegar neste labor nada menos que unha triloxía con volumes de

medio milleiro de páxinas fala ben ás claras da ambición que presidiu un quefacer que abrangueu no tempo anos de escrita e tamén de publicación, pois dende a primeira das novelas da tríade, *Entre fronteiras*, ata *Unha falsa*

luz van catro anos de distancia nos que tamén viu o prelo *Nas catacumbas*.

Unha falsa luz prosegue o fío argumental aberto nas dúas entregas anteriores, só que agora a trama se traslada a esa faixa bretemosa de anos que van dende a década dos cincuenta ata o pasamento do ditador Francisco Franco. Cunha prosa rica en diálogos que alternan con treitos evocativos e aínda reflexivos, Alcalá consegue ir mergullándonos aos poucos nesta epopea relixiosa que a comunidade evanxélica protagonizou dende as marxes e os silencios obrigados. Actitudes e heroicidades aquí representadas pola figura do protagonista e narrador, Valeriano Liñares Couto, carácter moi elaborado por parte do autor, quen simboliza nel toda a sensatez longánime, humanidade e respecto ao próximo da que tan faltos andaban o Estado e a Igrexa (para o caso sinónimos) da España da Posguerra.

Disipar as falsas luces da hipocrisía é sempre un exercicio necesario. Esta novela agarda por nós para recordárnolo.

ALCALÁ, Xavier, *Unha falsa luz*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 471 páxinas.